

Normativa de Recoñecemento da Docencia e da Investigación na ETSE

A ETSE quere recoñecer o esforzo e a adicación dos seus profesores á docencia e á investigación. Para este fin institúense, dende o curso 2006-07, os premios “Leonardo á Docencia” e o “Listado de Profesores Mellor Valorados”. A partir do curso 2013-14 incorpóranse os premios “Leonardo á Investigación”.

O obxecto desta normativa é definir os criterios para a súa concesión.

PREMIOS LEONARDO Á DOCENCIA

1. Outorgaranse tres tipos de premios Leonardo á Docencia:

Leonardo á Excelencia Docente¹ (profesores/as que acadaran 3 premios Leonardo á Docencia nunha mesma titulación nun período máximo de 5 anos) para as titulacións de grado e máster.

Leonardo á Docencia (máximo de 3 profesores/as) para as titulacións de grado e máster.

Leonardo á Iniciación na Docencia (máximo de 1 colaborador/a docente) para as titulacións de grado.

2. Os premios Leonardo á Docencia baséanse nas enquisas de valoración da actividade docente organizadas pola USC.

3. Consideraranse como válidas as enquisas que cumpran as seguintes condicións:

Número de horas impartidas polo/a profesor/a igual ou superior a 35 horas en grado e a 10 horas en máster. Considéranse válidas as enquisas correspondentes a coordinadores de materia con independencia do número de horas impartidas.

Número de respostas de estudantes igual ou superior a 7 en grado e a 3 en máster.

Porcentaxe de respostas de estudantes igual ou superior a 20% en grado e en máster.

4. Criterios de valoración:

A valoración global do/a profesor/a en cada titulación obtérase mediante media ponderada das materias impartidas na titulación, en función do número de horas impartidas en cada materia.

Serán candidatos/as válidos/as aqueles/as profesores/as e colaboradores/as docentes que acaden unha media ponderada superior á media da titulación.

Ademais dos Premios Leonardo, establecerase un “listado de Profesores Mellor Valorados” de cada titulación formado por todos/as profesores/ras que obteñan nas súas enquisas de valoración da actividade docente unha cualificación media ponderada en función do número de horas impartidas en cada materia superior a media da titulación.

PREMIOS LEONARDO Á INVESTIGACIÓN

1. Outorgaranse dous tipos de premios Leonardo á Investigación:

Leonardo á Excelencia Investigadora² (profesores/as que acadaran 3 premios Leonardo á Investigación nun período máximo de 5 anos) para os departamentos adscritos a ETSE.

Leonardo á Investigación (máximo de 3 profesores/as) para os Departamentos adscritos a ETSE.

2. Os premios Leonardo á Investigación baséanse nos datos de produción científica acreditada pola USC.

3. Os premios Leonardo á Investigación concederanse a proposta dos Departamentos adscritos a ETSE.

1 Cada premio Leonardo á Docencia só pode ser considerado unha vez para a obtención dun premio Leonardo á Excelencia Docente.

2 Cada premio Leonardo á Investigación só pode ser considerado unha vez para a obtención dun premio Leonardo á Excelencia Investigadora.